

## **DITAME SOBRE O PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA 2024**

Polo Servizo de Facenda Local tramítanse os expedientes para a modificación de determinadas Ordenanzas fiscais, polo que, antes da súa remisión ao órgano competente para a súa aprobación interésase deste Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo, o preceptivo Ditame a que se refire o artigo 137.1 apartado b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local.

Este Tribunal Económico-Administrativo, ao abeiro do establecido no artigo 4º.b) do seu Regulamento Orgánico, ten atribuída, entre outras funcións, a de emitir un ditame dos proxectos de modificación das Ordenanzas fiscais.

En cumprimento da normativa anteriormente mencionada, e á vista dos citados expedientes, no que constan as modificacións que se propoñen, este Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo reunido en pleno emite o seguinte

### **DITAME**

#### **I. ANTECEDENTES**

Con data do 7 de setembro de 2023, remitíronse a este Tribunal Económico-Administrativo os expedientes coa documentación correspondente á modificación de determinadas Ordenanzas fiscais, ao obxecto da emisión do ditame preceptivo.

Dende **o punto de vista formal** cabe salientar que os expedientes de modificacións de cada Ordenanza inclúen os informes dos diferentes servizos afectados ou interesados na aplicación da Ordenanza modificada, o informe da xefa de servizo de Facenda Local para cada expediente concreto de modificación así como un informe xeral que recolle todas as modificacións propostas co conforme a Asesoría Xurídica; e finalmente os anteproxectos de modificación de cada Ordenanza asinada polo Tenente de Alcalde da Área de Economía e Recursos Humanos.

Para a iniciación deste expedientes consta Decreto do 30 de agosto de 2023 de incoación de expediente asinado polo Concelleiro Delegado da Área de Economía e Recursos Humanos que insta se inicie expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

#### **II. CONTIDO**

Con carácter previo, debe sinalarse que este ditame límitase unicamente á valoración dos aspectos estritamente xurídicos das propostas de modificación das Ordenanzas fiscais que se nos presentan, polo que quedan fóra da nosa análise todas as cuestións de política tributaria que estas puidesen subscitar.

As modificacións previstas nas Ordenanzas fiscais presentadas comprenden básicamente **modificacións técnicas** que fan referencia a cambios na redacción, adaptacións a nova normativa ou reestructuración de apartados do articulado que optimizan a xestión dos servizos municipais que regula a ordenanza en cuestión e que polo xeral non teñen impacto económico directo.

A continuación realízase unha descrición e análise individualizado das modificacións que se propoñen das respectivas Ordenanzas fiscais:

1. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal xeral** recóllense as modificacións propostas pola Tesoureira Municipal que abranguen unha serie de cambios de redacción e adaptacións do articulado que optimizan a xestión do servizo de tesourería municipal na aplicación desta ordenanza. Destacar, en relación coas formas de pagamento que se modifica o artigo 36 para incluír a posibilidade de efectuar ingresos a conta de débedas en vía executiva sen os efectos do fraccionamento e permitir o pagamento aos debedores. Ademais, en relación coa anulación de débedas inferiores a 15 euros, modifícase o artigo 75 suprimindo requisitos de execución custosa e polo tanto ineficientes.

2. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 103 reguladora das Taxas pola prestación de servizos urbanísticos** suprímese a referencia á licenza de primeira ocupación (ao quedar suprimido este concepto pola normativa sectorial) denominándose "Comunicacións previas de 1ª ocupación dos edificios". Acláranse os supostos nos que non procede a liquidación da nova taxa en caso de presentación de nova documentación (artigo 2.1.e). O resto dos cambios corresponden á supresión de artigos que regulaban cuestións alleas á materia tributaria e que son propias dun regulamento de servizo, o que conduce a unha reenumeración dos artigos da Ordenanza.

3. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 107 reguladora das Taxas pola prestación do servizo da rede de sumidoiros , saneamento e depuración de augas residuais** engádese un novo apartado segundo ao artigo 7 para regular - en coherencia coa modificación recente no mesmo senso da Ordenanza fiscal 109 a taxa pola subministración de auga potable - a cota que se debe calcular e aboar nos supostos en que non se poida tomar lectura existindo un contador operativo e así evitar tributar por tramos tarifarios moi elevados.

4. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 200 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica** propónse a modificación de varios apartados do artigo 5 relativos ao procedemento de concesión de beneficios fiscais para o caso de vehículos históricos, híbridos e eléctricos.

Un dos requisitos para obter esta bonificación é atoparse ao corrente no pago deste imposto sen especificar na Ordenanza actual o momento en que debía cumprirse este requisito. A modificación proposta establece que será a data da solicitude de

bonificación cando deban estar ao corrente no pago ou cando remate o pago de cobro en voluntaria.

5. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 201 reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana** propónse a modificación do artigo 13 relativo aos coeficientes máximos a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, e que poden establecer os Concellos, para axustarse aos coeficientes actualizados e establecidos na Lei 31/2022 de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado; deste modo modifícase o artigo 13.2 da Ordenanza para que os coeficientes establecidos se axusten aos actualizados na dita Lei.

6. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles** propónse tres modificacións:

- Engádese un novo apartado terceiro ao artigo 4 da Ordenanza para regular a exención dos inmobles que se destinen ao ensino acollidos total ou parcialmente ao réxime de concerto educativo establecendo o prazo para a presentación da solicitude de exención así como a documentación que se debe acompañar.

- Modifícase a redacción do apartado cuarto do artigo 5 para clarificar a redacción da bonificación das vivendas onde residen familias numerosas para clarificar que a vivenda debe ser vivenda habitual de toda a familia.

- Modifícase o apartado sétimo do artigo 5 da Ordenanza para establecer unha nova regulación dos requisitos técnicos para a obtención de bonificación pola instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico das vivendas. Neste caso - trala presentación de alegacións no ano 2022, a evidencia da dificultade de obter a bonificación solicitada e a emisión de informe do xefe de servizo de medio ambiente - elimínanse certos requisitos e se establece nova regulación dos requisitos técnicos para acceder a esta bonificación.

7. No anteproxecto de modificación da **Ordenanza núm. 405 do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música** recóllense as modificacións suxeridas polo Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para mellorar a súa redacción xa que non estamos ante unha taxa senón ante un prezo público e regular adecuadamente a xestión do pagamento, descontos, bonificación e exencións; polo que se modifica a redacción de diversos apartados do artigo 3 e 5 da Ordenanza.

### III. CONCLUSIÓNS

A posibilidade de modificación das ordenanzas fiscais recóllese no artigo 15 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e as modificacións do articulado realízanse a

## TRIBUNAL ECONÓMICO-AMINISTRATIVO

PLENO

Refª: ispac5394073981862452708.doc

Asunto: Ditame modificacións Ordenanzas fiscais.

partires das instrucións do Concelleiro Delegado da Área de Economía e Recursos Humanos, cuos anteprojectos emítense de conformidade coas súas propias propostas, as propostas realizadas polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de Área, Concelleiros Delegados e os responsables dos diferentes Servizos e do informe da xefa do Servizo de Facenda Local, co informe/conforme da Asesoría Xurídica (artigo 51.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo).

As modificacións propostas axústanse no seu conxunto ao disposto no citado Real decreto legislativo 2/2004 así como ás restantes disposicións legais de aplicación.

Por todo o anterior, examinados os expedientes remitidos e coas consideracións anteriores, o Pleno do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo acorda **ditaminar favorablemente** o conxunto das modificacións propostas nas ordenanzas fiscais por consideralas adecuadas ao disposto na lexislación vixente.

Para a aprobación da modificación das ordenanzas fiscais requírese, que con posterioridade a este ditame, se realicen os seguintes trámites:

- Informes do Secretario xeral do Pleno (artigo 3.3.d)1º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, do réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional) e do Interventor xeral municipal (artigos 214 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigos 29 e seguintes do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o Réxime Xurídico do Control Interno do Sector Público Local).
- Aprobación pola Xunta de Goberno Local dos proxectos de modificación e actualización das Ordenanzas fiscais (artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local [LRBRL]).
- Aprobación provisional da modificación das Ordenanzas fiscais polo Pleno, requirindo maioría simple (artigo 17.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo [TRLRFL] e 123.1.d) da LRBRL).
- Publicación do anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como nun diario dos de maior difusión dentro da provincia de Lugo (artigo 17.2 do TRLRFL).
- Exposición pública durante un mínimo de 30 días hábiles no Taboleiro de anuncios do Concello (artigo 17.1 do TRLRFL).

- Valoración, de ser o caso, das reclamacións presentadas pola Xunta de Goberno Local (artigo 93.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo).
- Resolución polo Pleno das reclamacións presentadas e aprobación da redacción definitiva das modificacións propostas das Ordenanzas fiscais (artigo 17.3 do TRLRFL).
- Publicación do texto integro das ordenanzas definitivamente aprobadas ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (artigo 17.4 do TRLRFL).

De acordo co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL no caso que finalizado o período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional sen necesidade dun novo acordo plenario.

Así mesmo, deberá editarse o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente (artigo 17.5 do TRLRFL).

De conformidade co artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá publicarse no Portal de Transparencia do Concello de Lugo o proxecto definitivo das Ordenanzas, os informes e ditames que se tivesen emitido así como os estudos de custos que fundamentan a modificación no seu caso.

Asinado dixitalmente polo presidente do Tribunal Económico-Administrativo, Emilio Justo Fernández Pita, pola secretaria, Ana Tabarés Martínez, e polo vogal, Pedro Fernández Agustí, na data que se indica á marxe.